



Convócase aos alumnos de todos os ciclos (Superior e Medio), co módulo de Formación e Orientación Laboral pendente, na biblioteca do IES Sanxillao para un exame teórico e práctico.

1. **O venres 30 de novembro do 2018 ás 08:45.** O exame durará ata as 09:35 horas: Para unha proba das unidades “A relación Laboral e contrato de traballo”, “A representación dos traballadores e a negociación colectiva”, “Modificación, suspensión e extinción dun contrato de traballo” e “A Seguridade Social”

2. **O venres 15 febreiro do 2019 ás 08:45** O exame durará ata as 09:35 horas: Para unha proba das unidades “A avaliación de riscos profesionais”, “A prevención de riscos laborais”. “O plan de prevención” e “Medidas de prevención e protección”

3. **O venres 1 de marzo do 2019 ás 08:45** O exame durará ata as 09:35 horas: Para aqueles alumnos que non se presentaron nas anteriores datas o para aqueles que non acadaron unha puntuación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das probas anteriores.

Para poder obter un 20% da nota deberán entregar os boletíns de exercicios. Será obrigatorio presentalos o **día e a hora sinalada para cada proba**, en formato manuscrito e en papel A4. Para cumprimentalos solicitaranse á profesora do devandito módulo o venres 9 de novembro do 2018 e o día 25 de xaneiro do 2019 de 11:45 a 12:35 horas na sala de profesores do devandito centro.

- O día establecido para a proba, o alumnado irá provisto do DNI (pasaporte ou permiso de residencia), bolígrafo ou pluma "de tinta azul ou negra indeleble" e calculadora. Na calculadora non poderá haber nada escrito, e tampouco nas súas fundas. En caso de dúbida, o profesor pode revisar a calculadora para valorala.

- Material non permitido: Teléfonos móbiles, smartwatch ou calquera outro dispositivo electrónico. Deberán depositarse na mesa do examinador. No caso dos reloxos intelixentes, tampouco poden ser utilizados en modo reloxo convencional. Todos estes obxectos serán considerados como "costeletas". Se o alumno/a non atende ao requerimento do persoal autorizado, deberá abandonar a sala, sendo motivo de medida disciplinaria segundo o NOFC.

- Aqueles alumnos/as que teñan o pelo longo, deberán manter os pavillóns auditivos despexados.

LUGO, 29 de outubro de 2018

Fdo: Ana Franco Vázquez

Xefa do departamento de Formación e Orientación Laboral